

5 de Xuño: Día Mundial do Medio Ambiente

Os seres humanos debemos de coidar o medio ambiente para poder vivir cunhas garantías hixiénicas, de saúde e para poder deixar esa legado aos nosos devanceiros. Ademais, o coidado do nos entorno é fundamental para poder garantir o cumprimento da declaración universal dos dereitos humanos.

O Papa Francisco escribiu unha carta dirixida aos xoves para pedirllles que coidemos e protexamos o planeta Terra. No seguinte enlace podes escoitar a carta en inglés.

<https://www.youtube.com/watch?v=-W88UhQw9PY&feature=youtu.be>

Tradución da carta do Papa Francisco

O Papa Francisco escribiu unha carta dirixida a cada persoa neste planeta, pedíndonos a todos nos que **protexamos a Terra**, noso fogar común.

Na carta di que "a **terra e un don de Deus** para nos, cheo de beleza e marabilla onde os froitos da terra pertencen a todos". Pero o que vemos hoxe é que a nosa casa común nunca sufriu tanto dano e maltrato como nos últimos 200 anos. Desenvolvemos unha velocidade maior do que poderíamos haber imaxinado. Tratamos a Terra como se fose unha fonte ilimitada de recursos, tomando mais do que xustamente nos correspondía, do noso e do das futuras xeracións por vir.

Despoxamos a terra dos seus bosques naturais, contaminamos as augas, a súa terra, e o seu aire. As plantas e as especies están extinguíndose a un ritmo alarmante. A **Terra**, noso fogar, **está empezando a parecerse**, cada vez máis, **a un inmenso montón de sucidade**. Noso crecente uso de combustibles fósiles contaminantes, especialmente o carbón, o petróleo e o gas, está axudando a impulsar o cambio climático, que é un dos maiores desafíos que enfrontamos hoxe en día.

O **cambio climático** aféctanos a todos, pero son as comunidades máis pobres as que máis o sofren. Agora estamos nun punto crítico, onde o futuro do noso planeta está en perigo, xa que, a pesar desta crisis, non parece haber ningunha desaceleración nos estilos de vida dos países ricos.

A **enorme brecha entre os ricos e os pobres** seguen aumentando, entre os que quedaron atrapados na pobreza, con poucos ou ningún recurso, e os que están consumindo e gastando a un ritmo cada vez maior, deixando un rastro de residuos e destrución.

O noso **mundo dixital** tamén nos está contaminando co ruído e as distraccións, impídenos aprender a vivir sabiamente, a pensar profundamente e amar xenerosamente. As relacións reais substitúense polas amizades virtuais que podemos elixir aceptar ou desbotar, deixándonos insatisfeitos, sen relacións profundas, ou poden dar lugar a unha nova sensación de illamento.

Sen embargo, a pesar de todo isto, non todo está perdido. **Os xoves exixen o cambio**; os xoves queren construír un mellor que toma en serio a crise ambiental e os sufrimentos dos pobres. Así que podemos cambiar, podemos ter un novo comezo; para protexer noso fogar común, necesitamos un plan común.

Toda a familia humana necesita traballar en conxunto para que, así, a beleza poida o que non pode a contaminación e a destrución. O uso dos combustibles fósiles tamén ten que ser substituído sen demora. E temos que deixar de tratar aos recursos do mundo como un obxecto con fins de lucro, sen pensar en como nosas accións poden afectar o medio ambiente das xeracións futuras.

Así que **vamos a poñer amor polo mundo** e o amor polos irmáns, a convivir en harmonía y escoitarnos uns os outros, a coidar a economía e a involucrarnos coa sociedade e a política.

Vamos a someternos a unhaconver "sión ecolóxica" na que escoitemos o grito da Terra e o clamor dos pobres. Isto significa **tomar en serio cousas como evitar o uso do plástico e o papel, reducir o desperdicio de auga, separar o lixo e utilizar o transporte público.**

Pero o máis urxente que temos que reducir e a velocidade e cantidade do que consumimos como de usar e tirar. Podemos encontrar unha gran alegría e liberdade nunha vida simple, en lugar de estar sempre na búsqueda do que non temos. **Somos capaces de estes cambios e de emprender un novo comezo.**

Así que vamos a empezar a facelo hoxe.

Firmado,

Papa Francisco.

Actividade: Deseña unha pancarta para celebrar o día mundial do medioambiente e fomentar o coidado do noso planeta.

Data de entrega: 7 de junio de 2020

Correo electrónico: Lucia.varela@edu.xunta.gal